

PROGRAMACIÓN

BLACK APPLE **Losdedae** **Teatro Rosalía de Castro** **29 de maio | 20:30 horas**

Dirixida polo creador e bailarín Chevy Muraday (Premio Nacional de Danza 2003), a compañía madrileña Losdedae presenta o seu último traballo Black Apple, baseado no mítico libro A peste do escritor franco alxeriano Albert Camus. O matrimonio Castel é o punto de partida desta montaxe de danza que profunda na deterioración da parella, na incomunicación e na construción do amor e o desamor, na contorna da sociedade decadente de Orán a mediados do século XX.



COMÚN-ARTE **PREESTREA** **Praza da Constitución** **Venres 1 de xuño | 20:00 horas**


Proxecto de formación, investigación e creación a través da danza, o teatro e as artes plásticas e audiovisuais, integrando por 25 persoas con dotes artísticas, sen limitar as súas capacidades físicas ou psíquicas.

Colaboran: Concellería de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos do Concello de Santiago de Compostela e Auditorio de Galicia.




CICLAMEN **Colectivo Yurdance (Barcelona)** **Centro Ágora** **Sábado 2 de xuño | 13:00 horas**

Rita Nouel e Miriam Aguilar representan unha obra de danza-teatro inspirada na flor Ciclamen, unha flor de inverno. Non esperamos atopar nesta estación flores de este tipo, pero a pesar do frío, nace e sobresaen coas súas fermosas cores e vive durante esta época, suxerindo soledade, tristeza, escuridade, introspección. O inverno da vida, pero tamén complicidade, apoios, resistencia. Dous corpos que bailan a pesar dos obstáculos.



ROBER PIER E A SÚA BANDA **Concerto de música integrada** **Praza da Constitución** **Domingo 3 de xuño | 13:00 horas**

Espectáculo musical divertido e desenfadado, caracterizado pola interpretación dun repertorio de mantras (canción concisa e repetitiva) creando un ambiente de cohesión co público. Rober Pier dirixe, desde un imaxinario propio, un grupo formado por persoas con discapacidade intelectual e diversidade funcional, onde paixón e ritmo se conxugan coa busca dunha linguaxe musical común.



A OLLADA NAS MANS **AC Diversos-Compañía 5s** **Centro Ágora** **Domingo 3 de xuño | 19:00 horas**

Unha visión diversa sobre Picasso. Espectáculo inclusivo de danza, música, teatro, artes plásticas e circo para todo público. Con 22 persoas en escena con diferentes capacidades, A ollada nas mans trasladáanos ao imaxinario de Picasso pasando pola etapas artísticas máis sobresaíntes.

Colabora: Fundación Emalca.



OBRADOIROS

Lugar: Centro Ágora
Inscrición: <http://www.coruna.gal/cultura/gl/axenda/historico/detalle-asset/vii-encontro-artes-pola-integracion/suceso/1453652419511>
Custo: de balde

OBRADOIRO DE MÚSICA ELECTRÓNICA **PARA A DIVERSIDADE** **ÓSCAR CUESTA (RAMONE!)**

Obradoiro inclusivo de iniciación á música electrónica e técnicas de mezcla. Sábado 2 e Domingo 3 de xuño de 16:00 a 18:00 horas.

Dj habitual no circuito coruñés desde hai 8 anos. mestura técnica, polivalencia e sentido ecléctico musical que ofrece sets moi variados desde Rock & Roll, Funk, Afrobeat, Soul ata calquera disciplina en música electrónica.



OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA **GIMENA BERENGUER**

Obradoiro inclusivo para persoas afeccionadas á fotografía. Imprescindible levar cámara
Domingo 3 de xuño de 10:00 a 14:00 horas

De mirada certa e xenerosa, Gimena Berenguer, transforma a realidade en ferida, espida, sen edulcorar, creando traballos moi persoais onde a orde se desaxusta e a limpeza se enche dunha indisciplina terapéutica que nunca nos deixará indiferentes.



OBRADOIRO DE DANZA INTEGRADA **MARISA BRUGAROLAS**

Obradoiro inclusivo de danza contemporánea
Xoves 31 de maio e venres 1 de xuño de 16:00 a 18:00 horas
Sábado 2 e domingo 3 de xuño de 11:30 a 13:30 horas

Creadora escénica, coreógrafa, investigadora e docente de danza e procesos creativos na escena contemporánea. Dirixe desde o 2005 o Proxecto Interdisciplinar Ruedapiés de danza integrada que reúne a artistas con diversidade funcional na pedagogía e creación das prácticas artísticas contemporáneas e as novas linguaxes escénicas. Contact Improvisación é unha das súas ferramentas de adestramento e creación.

